

QUE LIBERDADE?

Marica Campo

Coido que son días para volver a Paulo Freire e á súa *Pedagogía do oprimido* (1970). A lectura deste libro pode darnos moitas claves sobre os resultados electorais e tamén verbo do conflito lingüístico que, ainda que doutro xeito, é anterior ao advento de Gloria I, a *Ditadora* (de "ditar", porque seíca é a que dita agora a política lingüística que practica a Xunta). Aquí uns e outros falamos en nome da liberdade, mais hai notábeis diferenzas. O castelán empregábase –e emprégase– desde unha posición de poder. Os opresores, afeitos a esa posición, sén tense oprimidos fóra dela. "Todo o que non sexa o seu dereito antigo de oprimir significa opresión", ensina Freire. Precisan dividir para seguir oprimindo (segregación en aulas, no caso da lingua). Non é estranho tampouco que os oprimidos deveñan en opresores porque aspiran a ser coma o seu contrario. O autor brasileiro tamén nos advierte que, se ben é certo que se precisa o poder político para cambiar a realidade, hai moitas cousas que se poden facer, "traballois educativos" para que o oprimido tome conciencia da súa situación. O fundamental "será sempre a acción profunda a través da cal se enfrentará, culturalmente, a cultura da dominación". En resumo, un activismo cultural (que non exclúe o político) imprescindible para podermos falar de liberdade, a verdadeira, a de quen "sabe". A acción sen reflexión é, segundo Freire, mero activismo. O resultado da simple propaganda ben sabemos cal é. É necesario que se ixiran criticamente na situación en que se atopan e pola cal están marcados". ●



A Brilatvai a os desfiles
cun guión que tamén
leva unha fita na que se le:
**'Guerra Civil:
1936-1939'**

crítica

NARRATIVA.

Visitar
Antioquía*O trasmundo de Antioquía***Autor:** Rafael Laso Lorenzo.**Edita:** Cumio.

O trasmundo de Antioquía supón unha nova apostila de Cumio pola literatura de creación. Para as nosas letras este é acontecemento salientábel, supón outra alternativa máis desde a cal asomarnos á creación. Mais riqueza, más competitividade, é o agardábel e deseñábel... Ademais, o retorno de Cumio é un retorno con personalidade propia expasado xa desde o particular deseño editorial, páxinas con moito folgo que suxiren unha lectura reponada.



A novela do escritor limiao Rafael Laso Lorenzo, a quen coñecemos sobre todo desde *Por qué Baldomero Quintáns?* (2005) e *Memoria contra o Alzheimer* (2008), actualiza a vella lenda segundo a cal a mosquitería da lagoa de Antela vén sendo o exército do rei Artur, que agarda por el para servilo na súa nova andaina. De feito a novela consiste nunha visita guiada a Antioquía, cidade mergullada no fondo das, hoxe desecadas, augas da lagoa liñiá. É dicir, unha visita a cida-de que agarda polo Desexado. Porque Artur é o Desexado, como máis tarde tamén o será D. Sebastián, a figura dun ser entre humano e sobrenatural que restaurará a orde e xustiza que a sociedade necesita.

Na súa lectura, a presenza do "esperade" co que Cabanillas remata *Na noite estreleida*, resulta constante.

Tabela das letras. **FICCIÓN**

- ① **A praia dos afogados.** Domingos Villar. Galaxia.
- ② **Sete casas en Francia.** Bernardo Atxaga. Faktoria K.
- ③ **Os bicos de Tina.** Afonso Eiré. A Nosa Terra.
- ④ **Do que estou a falar...** Haruki Murakami. Galaxia.
- ⑤ **Memoria de cidades sen luz.** I. López Silva. Galaxia.

LIBRARIAS CONSULTADAS: Cartabón (Vigo); Couceiro (A Coruña); Michelena (Pontevedra); Pedreira (Santiago); Torga (Ourense); Central Libreira (Ferrol); Andel (Vigo); Escolma (O Carballiño); Sisargas (A Coruña).



Rafael Laso Lorenzo.

Ese "esperade" que por unha banda presenta unha faciana desmobilizadora polo que coleva de apelativo á pasividade, mais por outra reafirma a razón que move a loita resistente dos oprimidos. Sempre e cuando a nosa fe se dirixa á personaxe individual de Artur ou nome que lle asignemos ao Desexado. Porén é tamén posibel, e nós reivindicamos, unha lectura de Artur como o dunha personaxe colectiva, unha lectura na que Artur somos todos os que cremos neses ideais de xustiza social (crença democrática e non personalista e medievalizante), unha lectura na cal o "esperade" de converterse nun "actuade" desde as urxencias do contexto político-social-cultural de hoxe.

O acceso ao trasmundo de Antioquía está ligado ao azar dos "Elexidos", un azar no cal son máis obxecto que suxeito. Como tal azar, neste caso tamén acontece (un mapa, un segredo, a vontade de adentrarse nel), aínda que resulte irrelevante sempre é nesario. Neste sentido, e desde a nosa lectura, cómpre destarrar a crencia do "Elexido" como froito dun azar. "Elexido" é quen se decide a actuar a prol dos oprimidos. Ser "Elexido" non é algo alleo á vontade do suxeito, senón que responde precisamente á súa vontade

activa. En realidade Antioquía tampouco constitúe un trasmundo. Antioquía é un ideal. Mellor que trasmundo, é a carne máis íntima dos nosos mellores deseños.

A novela de Rafael Laso presenta unha lectura en clave metafórica. O trono que agarra a Artur é de pedra, significativamente; o acceso a Antioquía ten lugar a través da auga, sinónimo de pureza e de vínculo natural coa vida; ás mencións áluz tamén están presentes... É importante sinalalo para que a lectura sexa o máis rica posibel. E tamén unha lectura clásica; fronte ao desideratum que expresamos nestas liñas, a pasividade do "Elexido" resulta patente, non deixa de ser o convidado ao que o cicerone

de garda lle ensina as marabillas (e non só ás marabillas) de Antioquía, ante as cales plasma o convidado. Debemos reclamar esa decodificación activa, porque do contrario a lectura perde o seu sentido fundamental. Que Antioquía garde este tesouro que é así, ou aquel que describimos dese xeito, que ese trasmundo conteña estes perigos e estas atraentes pertenzas... non é nada máis que pura e simple anécdota. Isosi, anécdota que arrolla e actualiza os nosos soños de xusti-

NON FICCIÓN

- ① **Curuxás.** Carlos Parrado. A Nosa Terra.
- ② **A corpo aberto.** Manuel Rivas. Xerais.
- ③ **Galicia solidaria.** X. Ríos, Carlos Teixo (editores). Xerais.
- ④ **Un país a medio facer.** Fran Alonso. Xerais.
- ⑤ **Nos camiños do entusiasmo.** G. Sanmartín. Xerais.

za social, mais anécdota ao fin e ao cabo.

E todo o que rodea Antioquía, auténtica protagonista da novela, non deixa de ser puramente accidental e acceso-rio. E o dito inclúe tamén as personaxes, personaxes baleiras entorno ás cales non se crea conflitividade ningunha. Como moito aparece algú perigo externo, debido á propia natureza de Antioquía. Porén, nin con iso, nin tampouco os esforzos narratoriais (previos á entrada en Antioquía ou logo da saída dela) son eficientes á hora de dotar de densidade as personaxes da novela. Unha novela, como é de agardar, moi descriptiva... mais na que tampouco se pode salientar esta ou aquela descripción particular. Unha novela á que lle resulta querido o estilo elocuente propio destes rexistros novelísticos, e afánase nel descoi-dando o idíoleto particular de cada personaxe. ●

Xosé M. Eyré

POESÍA.

Cuarto de seu

*Apuntamentos para un cuarto confuso e cambiante***Autora:** Mariña Pérez Rei.**Edita:** Colección Bourel, Ribeira. 49 pp. 2009.

Por fortuna, nunha época marcada pola ditadura do mercado e tamén pola *democratización* dos procesos de edición –velaío libro electrónico e as iniciativas autoxestionadas– seguén existindo no mundo editoriales espazos felices para o florecemento doutras especies. Un dos máis orixinais é, sen dúbida, o taller artesán de Antonio Piñeiro, de onde saen as al- >>>

